

QUEDADAS NO MUSEO

Información sobre as xuntanzas no Museo de Historia Natural da SGHN en Ferrol

Xaneiro 2024 — nº 1



Presentación da actividade

QUE SE PRETENDE

Dar a coñecer á cidadanía, mediante xuntanzas **participativas**, as novidades do eido naturalístico: material biolóxico ou xeolóxico do museo; novidades bibliográficas alleas e propias; excursións a espazos naturais; visitas a outros museos de Ciencias Naturais e de Historia Natural; proxectos de actividades, memorias das realizadas,...

Cada xornada será recollida en forma de resume para posteriormente publicalo nun formato aberto en PDF semellante ao presente nas RRSS da SGHN e outras.

PARA QUEN É

Actividade gratuíta e aberta a todo tipo de público con este tipo de inquedanzas, como son persoas vencelladas ao sistema educativo, persoas que polo xeral visitan o museo con carácter libre e, moi especialmente, ao público familiar xuvenil e infantil.

CANDO SERÁ

Dous venres ao mes: o primeiro e o penúltimo, salvo festividade, de 17:00 a 18:00.

VÉN E PARTICIPA!

Do que falaremos na 1ª quedada (19/01/2024)

Lembra que poderás participar cos teus comentarios nos temas que se traten!

- Presentaremos a actividade.
- O noso socio Manuel Arzúa falará das súas experiencias nalgúns museos de Historia Natural de Europa.
- Daremos conta das novidades na biblioteca.

